



## **R renova o seu acordo de colaboración coa APD para seguir potenciando a formación e lles achegar valor ás empresas galegas**

- ***Un ano máis, R retoma a súa colaboración coa Asociación para o Progreso da Dirección (APD) en Galicia impulsando actividades que lle xeran valor á comunidade empresarial.***
- ***O convenio asinado recentemente polo operador galego e a entidade prevé actividades para promover o intercambio de experiencias e técnicas entre altos/as directivos/as -e persoas que traballan con eles/as- de cara a mellorar a formación dos/as asociados/as.***
- ***R patrocina desta volta unha sesión do Club CEO e un encontro APD Talks, dúas iniciativas que poñen en común coñecemento especializado para discutir solucións das empresas a retos do mundo actual.***

**Mércores, 25 de novembro de 2020.-** Con este novo convenio revalídase a confianza e a colaboración que veñen demostrando dende hai anos empresa e asociación a prol do desenvolvemento de iniciativas de valor para membros da comunidade empresarial e, polo tanto, para as propias compañías.

A firma deste acordo referenda, así mesmo, o compromiso de **R** coa contorna empresarial do territorio, máis aló da actividade institucional, e a aposta conxunta coa APD por promover o **intercambio de coñecementos e experiencias** das persoas que desenvolven tarefas de alta dirección nas empresas.

Un obxectivo extensible tanto a entidades privadas como públicas e tendo en conta a profesionais que interveñen directamente ou de maneira delegada no goberno ou administración das compañías e organismos.

Trátase, en suma, de renovar e actualizar a formación dos asociados da APD nas súas actividades específicas, coa meta última do ‘ben común’ e a consecución da misión da empresa.

## **Actualidade tecnolóxica e dixitalización**

Entre as actividades que se van desenvolver en Galicia neste novo treito de colaboración R-APD destacan os **coloquios do Club CEO**, destinados á alta dirección das empresas. Nestas xuntanzas ofrecerase o relatorio dun CEO arredor dun tema de actualidade empresarial ou sobre novas tecnoloxías e o proceso de dixitalización, acelerado nos últimos meses polos requirimentos laborais da pandemia da COVID-19.

Tamén celebraranse proximamente en ambos os dous territorios do noroeste os chamados **Encontros APD Talks**, coa mesma idea de fomentar o contacto con expertos para discutir e reflexionar sobre posibles solucións na empresa a retos do mundo actual; á vez compartiranse ferramentas e coñecementos acerca das tendencias que están a cambiar as persoas e as empresas a día de hoxe.

Así, 40 representantes de empresas asistiron en xaneiro deste ano ao encontro APD Talks “Do Business Analytics ao Big Data”, onde da man de expertos analizáronse as repercusións da aplicación destas solucións tecnolóxicas na conta de resultados das empresas.

### **sobre APD**

*A Asociación para o Progreso da Dirección (APD), creada en 1956, é unha entidade persoal, independente e sen ánimo de lucro, de ámbito internacional, con máis de 3.600 empresas asociadas en 6 países e presenza en todo el territorio nacional. A a súa visión é a de chegar a ser a comunidade global de directivos máis influente e xeradora de coñecemento e ‘networking’ para o desenvolvemento da sociedade.*

### **sobre R**

*O operador galego R, que xunto con Euskaltel e Telecable forma parte do Grupo Euskaltel, ofrece servizos avanzados de internet de alta velocidade (ata 500 megas), televisión dixital e telefonía fixa e móbil, e dende hai anos é a opción preferida nos fogares e empresas galegas alí onde ten despregada a súa rede de fibra óptica. O operador galego investiu ata o momento máis de 1.300 millóns de euros neste proxecto para Galicia, onde xa está presente en máis de 130 municipios nos que lles presta servizo a arredor de 260.000 clientes entre residenciais e empresas. ([www.mundo-r.com](http://www.mundo-r.com)).*

*Dende R Empresas analízanse e deséñanse solucións adaptadas aos/as clientes/as do operador galego, a quen lles acompaña no camiño da transformación dixital coa colaboración dos seus socios tecnolóxicos <https://blogempresas.mundo-r.com/> <https://www.mundo-r.com/empresas>*

**comunicación R**  
[prensa@mundo-r.net](mailto:prensa@mundo-r.net)  
[R.gal](http://R.gal)

